

pechado e rotulado co nome, apelidos e DNI do interesado/a.

O centro presentará ao CFITAG a relación dos alumnos que participaran no curso co nº do DNI e título obtido ou solicitado.

#### 9. Certificado de superación do curso.

É obrigatoria a asistencia a toda as sesións do curso. Rematado este, os organizadores realizarán as probas pertinentes que avalen os coñecementos adquiridos polo alumno e, no caso de superalas expedirase o certificado e o carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico, que é o único documento válido para poder exercer a actividade a nivel nacional e para os efectos de inspección por parte dos organismos oficiais correspondentes.

Santiago de Compostela, 1 de xullo 2004.

José Antonio Álvarez Vidal  
Secretario xeral da Consellería de Política  
Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

#### ANEXO I

Programa do curso de aplicador-manipulador de produtos fitosanitarios, nivel básico, para titulados dos centros de formación e experimentación agraria e institutos de formación profesional da rama agraria:

1. Praguicidas: descrición e xeralidades.
  2. Riscos derivados da utilización dos praguicidas.
  3. Perigosidade dos praguicidas para a saúde. Intoxicacións.
  4. Práctica de protección fitosanitaria. Relación traballo-saúde; primeiros auxilios no caso de intoxicación.
  5. Medidas preventivas e protectoras para evitar os riscos do uso de praguicidas.
  6. Boa práctica fitosanitaria. Protección do ambiente e normas legais.
  7. Exercicios prácticos.
  8. Proba de avaliación.
- Mínimo de horas lectivas: 9.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Decreto 141/2004, do 25 de xuño, polo que se aproban os estatutos da Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario.*

A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* da Coruña fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade

primordial é o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por Orde do 17 de decembro de 1942 aprobouse o seu regulamento, posteriormente actualizado mediante Orde do 2 de outubro de 1990, co obxecto de adaptar o funcionamento da Real Academia á realidade social, cultural e político-administrativa do actual Estado das autonomías.

Transcorridos catorce anos desde a adaptación normativa referida, considérase necesario introducir unhas leves modificacións nela, entre as que cabe destacar os cambios no número e na denominación das seccións, e os relativos á redefinición dos académicos correspondentes.

Na súa virtude, por instancia da propia Real Academia, tras o informe favorable do Instituto de España, de acordo co disposto no Decreto 392/2003, do 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia; por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e tras deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do vinte e cinco de xuño de dous mil catro,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Apróbanse os estatutos da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, que se insiren como anexo a este decreto.

#### Disposición derradeira

Única.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de xuño de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Jesús Pérez Varela  
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social  
e Turismo

#### ANEXO

ESTATUTOS DA REAL ACADEMIA GALLEGA DE BELLAS ARTES  
DE NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO

#### Capítulo I

Obxecto da academia

#### Artigo 1º

1. A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, asociada ao Instituto de España, é unha corporación oficial que baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei, ten como finalidade actuar como institución consultiva da Administración estatal e autonómica en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto nos artigos 3.2º da Lei 16/1985, de patrimonio histórico español, e 7.3º b) da Lei 8/1995, do 30 de

outubro, do patrimonio cultural de Galicia, así como promover e realizar estudos de investigación e para o fomento e desenvolvemento das manifestacións artísticas dentro de Galicia.

2. A academia ten o seu domicilio na praza do Pintor Sotomayor, s/n, na Coruña.

#### Artigo 2º

A academia, para o cumprimento deses fins, propónse:

A) Fomentar a investigación e a práctica das artes en Galicia.

B) Realizar e publicar investigacións en torno á arte en Galicia, así como catálogos, biografías, dicionarios e calquera outra clase de medios de estudo e difusión que poidan contribuír a enaltecer a riqueza artística de toda orde existente en Galicia.

C) Velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance e na forma que requira cada caso.

D) Promover exposicións públicas, convocar concursos, organizar conferencias, cursos, concertos musicais e calquera outra manifestación artística. Así mesmo, fomentar a investigación, poñendo á disposición de quen a exerza, e para tal fin, os seus arquivos, biblioteca e coleccións.

E) Manter estreita relación, informativa, consultiva e asesora, cos organismos públicos e privados que teñen ao seu cargo a defensa, conservación e restauración do tesouro artístico e monumental de Galicia, como tamén con outras academias de finalidades e estrutura similares ás súas.

Conforme o ordenamento xurídico español, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes* ten personalidade xurídica e plena capacidade para adquirir, usar e dispor dos seus bens, sen outras limitacións que as establecidas polas propias leis.

## Capítulo II Organización da academia

a) Dos membros e as seccións.

#### Artigo 3º

1. A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* está constituída por catro categorías de académicos: numerarios, correspondentes, honorarios e supernumerarios.

2. Os académicos de número non excederán de 35. Non existirá limitación de número para as categorías de académicos correspondentes, honorarios e supernumerarios.

#### Artigo 4º

A academia está composta por sete seccións: a) Pintura e Gravado, b) Escultura, c) Arquitectura, d) Música, e) Arqueoloxía e Museoloxía, f) Artes da Imaxe e g) Expertos nas artes. Cada sección poderá ter un número máximo de cinco académicos numerarios.

b) Da elección e nomeamento de académicos numerarios.

#### Artigo 5º

Para ocupar as prazas de académicos numerarios serán elixidas persoas residentes en Galicia que desen a coñecer o seu mérito con obras orixinais da arte que profesen, ou con estudos sobre as distintas especialidades.

#### Artigo 6º

As vacantes de académicos de número serán anunciadas no *Diario Oficial de Galicia*, especificándose no anuncio a sección a que pertencen e dando o prazo de trinta días naturais para presentación das solicitudes de ingreso, que teñen que ser en forma de proposta suscrita por tres académicos numerarios, os cales garantirán a idoneidade do candidato. A esta proposta acompañará unha sucinta relación dos méritos artísticos, científicos e culturais do interesado.

#### Artigo 7º

As propostas serán dirixidas ao presidente da academia, quen dará conta delas na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Na seguinte sesión ordinaria procederáse á votación. Se houbera máis dunha proposta a orde de votación será pola de data de recepción das solicitudes.

#### Artigo 8º

A elección farase mediante votación secreta por papeletas coa indicación «si», «non» ou en branco.

Nela haberán de participar, cando menos, as dúas terceiras partes dos académicos numerarios existentes, admitíndose, en caso de imposibilidade xustificada de asistencia persoal, o voto por correo, que deberá vir expresado da maneira seguinte para cada candidato: dentro dun sobre, no que se incluírá o remite completo do votante, introducirase outro sobre pechado, sen indicación persoal ningunha, no que virá incluída a papeleta da votación. O incumprimento de calquera destas condicións e modalidades invalidará o voto.

#### Artigo 9º

Quedarán elixido o candidato que obteña maior número de votos, sempre que estes representen polo menos a maioría simple dos académicos votantes.

Se os candidatos a unha praza foran máis dun, verificaranse as votacións independentemente por cada un dos candidatos. En caso de empate repetirase a votación entre os máis votados; na mesma tomarán parte soamente os académicos numerarios presentes. En caso de novo empate repetirase a votación na sesión ordinaria seguinte, na que tomarán parte, de novo, soamente os académicos numerarios presentes; en caso de novo empate procederáse a unha nova convocatoria da praza.

**Artigo 10º**

Elixido o novo académico seralle comunicado oficialmente o nomeamento, dándolle un prazo de seis meses para a presentación dun discurso de ingreso sobre algunha das materias propias deste instituto, que, unha vez aceptado pola academia, será lido polo interesado e ao que haberá de contestar, en representación da corporación, un académico de número. A continuación, o presidente faralle entrega do diploma acreditativo do seu nomeamento e impondalle a medalla da corporación. O presidente, sen embargo, atendendo a motivos xustificadas, poderá concederlle ao electo un segundo prazo de tres meses, transcorridos os que, se non tivo lugar a presentación do discurso, se declarará a vacante para unha nova provisión.

**Artigo 11º**

No caso de que o recipiendario non crera conveniente presentar o discurso de ingreso poderá eximírselle deste requisito, sempre que faga doazón dunha significativa obra ou obxecto de arte con destino á academia.

c) Dos académicos correspondentes.

**Artigo 12º**

A academia poderá conceder o título de académico correspondente ás persoas que, calquera que sexa a súa residencia, xulgue acreedoras a esta distinción, polo mérito dos seus traballos artísticos ou de investigación, ou sexan obxecto dun intercambio con outras academias, valorándose, en todo caso, a súa vinculación con Galicia.

**Artigo 13º**

A elección de académicos correspondentes verificarase na mesma forma que a dos numerarios, tanto nas propostas como na votación; para que o nomeamento sexa efectivo deberá escribir, de forma oficial, á academia aceptando o nomeamento.

Estes académicos poderán asistir ás sesións da academia, con voz pero sen voto.

d) Dos académicos honorarios e supernumerarios.

**Artigo 14º**

A academia poderá conceder título de académico honorario a aquelas persoas que sexan consideradas de relevante e consagrada personalidade artística, ou grandes protectores ou investigadores das artes ou que se distinguisen, de modo eximio, no patrocinio e fomento das artes en Galicia. A decisión adoptarase seguindo o procedemento previsto nos artigos 7 a 9.

Os presidentes da academia que cumprisen polo menos dous mandatos poderán ser nomeados presidentes honorarios dela.

**Artigo 15º**

Poderán ser nomeados académicos supernumerarios aqueles académicos de número que, por razóns de saúde ou por outros motivos persoais, o solicitasen e a academia llo concedera, así como aqueles aca-

démicos de número que, por imposibilidade manifesta de poder cumprir cos seus deberes de tales académicos, a propia academia determinara que debían pasar a esta categoría. Pero se esas causas cesaren terían opción a ocupar, sen novos requisitos, a primeira praza de académico de número que estivese libre na súa sección.

**Artigo 16º**

Os académicos honorarios e supernumerarios poderán asistir ás sesións da academia, con voz pero sen voto.

e) Dos dereitos e das obrigas dos académicos.

**Artigo 17º**

Os académicos terán os dereitos que se sinalan nestes estatutos e en particular os de asistir ás sesións e ostentar os distintivos da academia.

**Artigo 18º**

1. Os académicos numerarios deberán contribuír aos fins da academia cos seus traballos artísticos, literarios ou de investigación, así como asistir ás súas reunións, formar parte das comisións e grupos de traballo, e votar en todos os asuntos que o requiran.

2. Os académicos correspondentes poderán, así mesmo, contribuír cos seus traballos de interese para a arte.

**Artigo 19º**

Os autores dos estudos e obras literarias que a academia publique serán responsables das súas opinións; a corporación, ao imprimilas, só recoñece que son merecedoras de ver a luz pública.

**Capítulo III****Dos cargos académicos****Artigo 20º**

Para a dirección dos traballos e representación da academia haberá:

- A. Un presidente.
- B. Un vicepresidente.
- C. Un secretario xeral.
- D. Un tesoureiro.
- E. Un arquivista-bibliotecario.
- F. Un conservador.

Todos estes cargos formarán a Xunta de Goberno e serán elixidos por un período de catro anos, podendo ser reelixidos indefinidamente.

O cargo de presidente será ratificado pola Concellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

**Artigo 21º**

O presidente será elixido en sesión extraordinaria, por votación secreta dos académicos numerarios asistentes, entre os académicos numerarios que libremente se presenten como aspirantes ao cargo, ou entre os que un ou varios académicos numerarios

propoñan. Nesta votación tomarán parte soamente los académicos numerarios presentes na sesión. As modalidades desta votación serán as mesmas establecidas nos artigos 8 e 9 para a elección de académicos numerarios, agás que nesta non se admitirá o voto por correo.

#### Artigo 22º

Elixido o presidente, este propondrá os nomes que xulgue oportunos para ocupar os demais cargos da Xunta de Goberno; todos estes cargos deberán recaer en académicos numerarios e serán elixidos pola academia coas mesmas modalidades establecidas para a elección de presidente.

#### Artigo 23º

Correspóndelle ao presidente:

A) Presidir a academia, así como as seccións cando asista a elas.

B) Manter a observancia do regulamento e coidar que se executen os acordos.

C) Asinar a correspondencia oficial, ditames, consultas e informes que emanen da academia e visar as certificacións e documentos que se expidan pola secretaría.

D) Distribuír as tarefas académicas.

E) Sinalar os días nos que han de celebrarse as sesións e establecer, de acordo co secretario, os asuntos que han de tratarse nelas.

F) Nomear todas as comisións que non sexan para asuntos puramente facultativos, as que serán elixidas polas seccións.

G) Tomar providencias en casos urxentes, sen prexuízo de dar conta á academia na primeira sesión.

H) Ordenar ao tesoureiro os pagos, conforme os orzamentos ou gastos acordados pola corporación.

I) Conceder aos empregados e dependentes licenza para ausentarse por tempo que non exceda un mes, e nomear os que haxan de substituílos interinamente, cando sexa necesario.

J) Representar a corporación en todos os casos ou actos nos que sexa necesario.

K) Exercer todas as demais funcións e facultades que lle confiren os estatutos, regulamentos e acordos da corporación.

#### Artigo 24º

Son funcións do vicepresidente axudar ao presidente no desempeño do seu cometido e suplilo en caso de ausencia ou imposibilidade.

#### Artigo 25º

Son funcións do secretario:

A) Dar conta da correspondencia e dos asuntos que haxan de tratarse nas xuntas, tendo á vista todos os antecedentes necesarios para a súa axeitada resolución.

B) Redactar e certificar as actas.

C) Estender e asinar todos os documentos que se haxan de expedir en nome da academia e certificar coa súa sinatura as comunicacións oficiais, que levarán sempre o visto e praxe do presidente e o selo da academia.

D) Redactar o resumo anual dos traballos e actividades da academia durante o ano ou curso, e presentalo na sesión inaugural de cada período de sesións.

E) Conservar os selos da academia.

F) Dirixir todas as dependencias administrativas da academia, tendo ás súas ordes os empregados e dependentes e ao seu cargo o arquivo administrativo da corporación.

G) Convocar, no nome do presidente, todas as xuntas e comisións da academia.

#### Artigo 26º

En ausencia ou enfermidade do secretario fará as súas veces o académico numerario que o presidente designe.

#### Artigo 27º

O tesoureiro levará as contas da academia, farase cargo dos ingresos que a esta correspondan, depositaraos nas contas que a corporación teña abertas e con cargo a elas satisfará os pagos que o presidente ordene. Ao remate de cada ano ou curso presentará á corporación o estado de contas.

#### Artigo 28º

Son atribucións do arquivero-bibliotecario:

A) Ter ao seu cargo os libros que se integran na biblioteca da academia, así como os manuscritos, debuxos, planos, gravados, fotografías e partituras musicais, tanto nos soportes tradicionais de papel ou outros, como nos informáticos.

B) Coidar da formación de catálogos, índices e ficheiros convenientes para o mellor servizo da biblioteca.

C) Propoñer á academia a adquisición de libros ou doutros materiais necesarios ou convenientes.

#### Artigo 29º

Son funcións do conservador velar pola aplicación de criterios museolóxicos no referente ao continente e contido da academia, así como preparar catálogos e inventarios dos mesmos.

### Capítulo IV

#### Das xuntas ou sesións

#### Artigo 30º

A academia celebrará sesión ordinaria unha vez ao mes e extraordinaria sempre que a Xunta de Goberno así o acorde, ou llo soliciten a terceira parte dos académicos de número.

**Artigo 31º**

Para celebrar validamente sesión requírese, en primeira convocatoria, a presenza da maioría simple dos académicos numerarios; en segunda convocatoria será a válida coa presenza de calquera número de académicos numerarios, sempre que sexan polo menos tres.

**Artigo 32º**

As sesións ou xuntas ordinarias terán por obxecto, entre outros, os asuntos seguintes:

- A) Acordar cando proceda para o cumprimento dos fins da academia.
- B) Ditaminar acerca dos acordos tomados polas comisións.
- C) Coñecer, e, se procede, aprobar, as actas da sesión anterior, ou sesións anteriores, ordinarias ou extraordinarias, que non foran aprobadas.
- D) Todos os demais asuntos que lle competen, conforme a estes estatutos e a lexislación común.

**Artigo 33º**

O presidente ordenará o despacho dos asuntos que figuren na orde do día, terminado o cal os académicos poderán presentar as proposicións, mocións ou comunicacións que estimen convenientes, dentro dos fins da corporación, as cales poderán ser discutidas.

En todos os demais asuntos, tanto ordinarios coma extraordinarios, os acordos tomaranse nas xuntas ou sesións por maioría simple dos académicos numerarios presentes, a non ser que se acorde outra forma, a salvo sempre do establecido para a elección de académicos e de cargos. En caso de empate o presidente poderá decidir a votación con voto de calidade.

**Artigo 34º**

Nos casos en que se acorde votación secreta, o escrutinio e resumo dos votos farase polo secretario en presenza do presidente e académicos votantes.

**Artigo 35º**

Se nunha votación secreta houbera empate repetirase a votación na mesma sesión; en caso de novo empate repetirase a votación na seguinte sesión.

### Capítulo V Réxime económico

**Artigo 36º**

1. O patrimonio da academia pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

2. A academia, para o desenvolvemento das súas actividades, financiarase cos recursos que proveñen do seu patrimonio e, de ser o caso, con aqueles outros procedentes das axudas, subvencións ou doazóns que reciba de persoas ou entidades, tanto públicas coma privadas.

Ademais financiarase co importe das vendas das súas publicacións e dos honorarios devengados polos informes emitidos.

Así mesmo, a academia poderá percibir outros ingresos por calquera procedemento lexítimo.

3. Confeccionarase un orzamento anual, no que se recollerán con claridade os ingresos e os gastos.

### Capítulo VI Distintivo dos académicos

**Artigo 37º**

O distintivo dos académicos de número é unha medalla dourada sur, montada por coroa real, propiedade da corporación, que ostenta no anverso o busto dunha Minerva sobre esmalte azul, coa inscrición de «*Real Academia Gallega de Bellas Artes*», indistintamente nos idiomas castelán ou galego, e no reverso o antigo escudo de Galicia.

Esta medalla penderá dun cordón das cores branca e azul suxeito cunha presilla en forma de cruz de Santiago, en esmalte vermello. Unha miniatura da medalla poderá ser usada como insignia de solapa.

**Artigo 38º**

Os académicos correspondentes poderán adquirir e ostentar, como atributo da súa pertenza á academia, a mesma medalla en prata e o diploma asinado polo presidente e o secretario da corporación.

### Capítulo VII Incidencias

**Artigo 39º**

A academia terá un período de vacacións oficial nas súas tarefas durante os meses de xullo a setembro, ambos inclusive, quedando, durante este tempo, facultado o seu presidente e a Xunta de Goberno para resolver cantos asuntos se presenten, dos que deberán dar conta na primeira sesión que se celebre.

**Artigo 40º**

Todo académico de número que, sen causa xustificada deixara de colaborar nas tarefas da corporación durante un ano, enténdese que renuncia ao cargo, procedéndose a anunciar e cubrir a vacante, segundo o establecido nos artigos 6 ao 9, logo de comunicación ao interesado.

**Artigo 41º**

Se algún académico, dentro ou fóra da academia, menoscabase, de palabra ou por escrito, o prestixio da corporación será privado dos seus dereitos, procedéndose a sancionalo cun voto de censura e en votación secreta.

**Artigo 42º**

Nos casos non previstos nestes estatutos, ou cando na interpretación ou aplicación dalgún dos seus artigos se suscitasen dúbidas ou dificultades, reixerá o que acorde o pleno da academia, que, se fora necesario, elevará a súa determinación aos órganos superiores competentes.

#### *Disposición transitoria*

Única.-Os académicos correspondentes que fosen elixidos antes de entrar en vigor os presentes estatutos continuarán na mesma situación que tiñan anteriormente.

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 25 de maio de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Electroquímica del Noroeste, S.A. (Elnosa).*

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Electroquímica del Noroeste, S.A. (Elnosa)*, con nº de código 3600542 que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 20-5-2004, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo comité de empresa, en data 13-5-2004. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial,

### ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 25 de maio de 2004.

Joaquín Macías Sánchez  
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo da empresa *Electroquímica del Noroeste, S.A.*

### Capítulo I Disposicións xerais Ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Interveñen.

Dunha parte, en representación do persoal, os membros do comité de empresa, dos que a idoneidade se xustifica no anexo I.

Doutra parte e en representación da empresa, Antonio Mesquita Santos Sousa e Paulo Alexandre da Silva Oliveira de Morais Soares.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

O presente convenio colectivo regula as relacións laborais entre a empresa *Electroquímica del Noroeste, S.A. (Elnosa)* e os seus traballadores.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

O presente convenio afecta a todos os traballadores fixos pertencentes ao cadro de persoal da empresa.

O persoal con contratos de traballo especiais e individuais, nas condicións económicas seguirá sometido ás normas polas que actualmente se rexe e neste aspecto, exclusivamente, non queda afectado por este convenio, salvo naqueles puntos en que se especifique a súa inclusión.

Artigo 4º.-Ámbito temporal.

O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004, salvo nos puntos en que se fixe outra data e terá unha duración dun ano, é dicir, ata o 31 de decembro de 2004, calquera que sexa a data do seu rexistro pola autoridade laboral competente.

Artigo 5º.-Denuncia ou aviso previo.

De non existir denuncia ou aviso previo por algunha das partes cun mes de antelación á data de terminación do presente convenio, este considerarase tacitamente prorrogado por períodos anuais.

Artigo 6º.-Garantías persoais.

Respectaranse a título individual as condicións de traballo que sexan superiores ás establecidas neste convenio, consideradas no seu conxunto e en cómputo anual.

Artigo 7º.-Absorción e compensación.

O conxunto de condicións pactadas neste convenio absorberá e compensará en cómputo anual calquera mellora parcial que, no futuro, puidese establecerse, xa sexa por disposición legal ou pactada ou por calquera orixe que fose.

Artigo 8º.-Vinculación á totalidade.

O presente convenio constitúe unha unidade indivisible, polo que non poderá pretendese a aplicación dunha ou varias das súas normas, desbotando o resto, senón que sempre deberá ser aplicado e observado na súa integridade e considerado globalmente.

Artigo 9º.-Comisión paritaria.

Existirá unha comisión paritaria que estará composta por catro membros designados pola dirección da empresa e catro designados polo comité de empresa. A dita comisión paritaria será o órgano para interpretar, vixiar, conciliar e arbitrar o disposto neste convenio.

Os membros da comisión posúen os mesmos dereitos e obrigas e, en particular, a facultade de opinar en calquera asunto que sexa sometido a este órgano. Cada un deles terá dereito a un voto e os acordos serán por maioría entre os asistentes de cada unha das representacións.